

## ■ Galicia

A Coruña

Lugo

Ourense

Pontevedra

Galego

Galicia Rural

Pesca Galicia

---

## Galego

---

A autora portuguesa Hélia Correia, nomeada 'Escritora Galega Universal 2017'



AELG

Publicado 11/02/2017 17:28:57 CET

A Asociación de Escritores en Lingua Galega tamén escolle a Pilar García Negro como 'Escritora na súa Terra - Letra E'

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11 Feb. (EUROPA PRESS) -

A autora portuguesa Hélia Correia foi nomeada 'Escritora Galega Universal 2017', galardón que cada ano outorga a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade que celebrou este sábado en Santiago a súa asemblea xeral.

Correia, nacida en Lisboa en 1949 e gañadora en 2015 do 'Premio Camões', recollerá o galardón na II Gala do Libro Galego, que terá lugar na capital galega o 20 de maio. Deste xeito, a lisboeta sucede ao autor catalán Pere Gimferrer, nomeado 'Escritor Galego Universal' o pasado ano.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, destacou que a elección de Hélia Correia tomouse en base á "calidade literaria" da súa obra, na que Galicia "está moi presente". "Correia sente Galicia como unha prolongación da súa patria", resaltou Sánchez.

Ademais, na asemblea deste sábado, a AELG tamén decidiu que a próxima 'Escritora na súa Terra - Letra E' sexa a escritora e política Pilar García Negro, quen recibirá unha homenaxe no

mes de xuño na capital lucense.

## **DÍA DE ROSALÍA**

Como cada ano, a AELG celebrará o próximo 24 de febreiro o 'Día de Rosalía', unha efeméride que "cada ano" conta con máis "adhesións" por parte de concellos e deputacións, que alcanzan xa as 51 institucións que se suman ao día de homenaxe á escritora galega máis universal.

Días antes, o 19 de febreiro, terá lugar no Panteón de Galegos Ilustres do Mosteiro de San Domingos de Bonaval o "acto central" promovido pola AELG con motivo do Día de Rosalía.

Ademais de "honrar" a memoria da escritora, esta asociación reivindicará un Panteón de Galegos Ilustres "laico, de acceso público, de propiedade pública" e de "libre acceso" sen necesidade de "pedir permiso aos estamentos eclesiásticos".

## **'MESTRES DÁ MEMORIA'**

Na asemblea, esta asociación tamén escolleu novo consello directivo e aprobou o calendario de actividades para este ano 2017. En Lugo, a finais do mes de maio, terá lugar a gala dos premios Mestres da Memoria 2017, que nesta edición recaen nas Pandereteiras da Alén --das localidades ourensás de Xirarga e Beariz-- e en Serafín Mourelle.

Así mesmo, os socios decidiron dar continuidade a unha serie de actividades que a asociación vén desenvolvendo nos últimos anos, como os talleres da 'Escola de Escritores' ou a 'Xornada de Literatura de Tradición Oral', que se celebrará no outono.

Puede cambiar de noticia usando las flechas del teclado (← →)